


# CONFEDERACIÓN DE ESCUELAS DE ARTES PLÁSTICAS Y DISEÑO



9 7884 609 9178 2


OURENSE  
PRM  
# 018

EASD  
ANTONIO  
FAILDE

ARTES PLÁSTICAS E DESEÑO

## PREMIOS MESTRE 7ª EDICIÓN OURENSE 2018

### Á EXCELENCIA NAS ENSEÑANZAS DE ARTES PLÁSTICAS E DESEÑO



PREMIOS JOSEP ALBERT MESTRE

A EXCELENCIA NAS ENSEÑANZAS DE ARTES PLÁSTICAS E DESEÑO SÉPTIMA EDICIÓN 2018

escuelasdearte.es

# OURENSE 2018

ESCOLA DE ARTE E SUPERIOR DE DESEÑO ANTONIO FAILDE  
04 DE MAIO DE 2018  
OURENSE

## PREMIOS MESTRE SÉPTIMA EDICIÓN

### Á EXCELENCIA NAS ENSEÑANZAS DE ARTES PLÁSTICAS E DESEÑO

Josep Albert Mestre (1946-2011), Presidente da Confederación de Escuelas de Artes Plásticas y Diseño (CEA) entre 2008 e 2011 e membro do comité executivo desde 1999, foi chave na nova configuración das ensinanzas de Arte e Deseño en España. Especialista en Historia da Arte, profesor na Escola de Arte y Superior de Deseño de Alcoi, docente en diversos mestros sobre xestión cultural en arte e deseño de interiores. Crítico de arte e membro da Asociación Nacional e Internacional de Críticos de Arte. Foi tamén deputado nas Cortes da Comunitat Valenciana. A Confederación desexa rendirle homenaxe como mostra de agradecemento pola súa dedicación e entusiasmo en favor do progreso e a mellora das nosas ensinanzas, creando o Premio "Josep Albert Mestre" dirixido a estudantes de artes plásticas e deseño. O obxectivo é que constituían unha mostra anual da excelencia do traballo que se realiza nas escolas de arte e deseño xestionadas con fondos públicos, ofrecendo un panorama das mellores propostas e realizacións dos futuros creadores plásticos e deseñadores. A selección dos proxectos está fundamentada na súa calidade así como na innovación e a creatividade da proposta.

#### BASES DA CONVOCATORIA

##### Jurado

O xurado que designará os premiados estará composto por cinco membros, catro deles/as, profesionais das artes plásticas e do deseño. Designarase un/ha presidente/a, un/ha secretario/a e tres vogais.

Finalmente, o xurado outorgará un premio por categoría, podendo deixar deserta algunha delas se así se considerar.

O veredicto do xurado sera inapelabel.

##### Categorías

CM Obra Final de CF de Grao Media  
CS Proxecto Final de CF de Grao Superior  
ES Proxecto Final ESD / Trabajo fin de Grao

En cada categoría poderán participar os correspondentes "proxectos" realizados na última convocatoria.

##### Condições de participación

Os premios están abertos a todo o estudantado de escolas asociadas á CEA.

O material e os traballos presentados pertencen aos/as seus/suas autores/as

As obras premiadas e os dereitos de libre utilización corresponden á CEA, quedando esta autorizada

á reprodución e difusión das mesmas en calquera medio e formato, respectando os dereitos de propiedade intelectual do/a autor/a da obra.

A CEA velará polo bon coidado das obras, mais non se responsabiliza dos desperfectos que poidan ocasionarse derivados da exposición, a manipulación, o transporte e mesmo do posíbel extraviado.

A participación nos premios "Josep Albert Mestre" da Confederación de Escuelas de Artes Plásticas y Diseño (CEA) á excelencia nas ensinanzas de artes plásticas e deseño supón a total aceptación destas bases.

O Xurado adxudicará OS premios ás obras elixidas e resérvese o dereito da interpretación das bases do presente certame e da resolución dos casos non contemplados, conforme ao seu bon criterio.

##### Inscripción e presentación dos traballos

As Escolas participantes deberán preinscribirse entre o 08 e o 22 de xaneiro de 2018, no correspondente formulario de inscrición dispoñible na web da CEA. Para calquera dúbida sobre o proceso de inscrición, pode enviarse un correo a comunicacion@escuelasdearte.es

1. Unha primeira fase virtual.
2. Unha segunda fase cos traballos xa seleccionados e impresos.

Cada escola poderá presentar á fase virtual como máximo unha proposta por cada 100 alumnos/as ou fracción. Se a escola ten menos de 300 alumnos, O número máximo de propostas a presentar será de tres.

Ate o 23 de febreiro de 2018, cada escola subirá as propostas que presente no seu apartado correspondente no enderezo xa indicado:

escuelasdearte.es/mestre/2018mestre/home.htm

01. Ciclo Formativo de Grao Media
02. Ciclo Formativo de Grao Superior
03. Ensinanzas Artísticas Superiores

Os traballos subiránse en formato PDF preparados para ser impresos en tamaño A1, compostos ben vertical ou horizontalmente no correspondente repositorio.

Non deberá haber nos traballos presentados ningunha referencia á autoría ou á escola de procedencia. Porén, autorízase aos/as participantes a incluír no seu panel un código QR que permita

visualizar contidos audiovisuais de non máis de 20 segundos de duración, relativos ao proxecto. En ningún caso esa información complementaria poderá incluír datos relativos á autoría ou á escola de procedencia.

Para subir os arquivos farase uso do nome de usuario eo contrasinal que se comunicará aos/as inscritos/as.

##### Subida de arquivos

O documento PDF representativo do panel debe incluír a xustificación e proceso de traballo para unha mellor comprensión do mesmo.

Cos traballos presentados fírase unha primeira preselección de 40 na que se incluír un número de traballos de cada categoría, proporcional ao número de propostas presentadas na mesma. O resultado de esta preselección darase a coñecer o 16 de marzo de 2018.

##### Traballos seleccionados

Os traballos seleccionados imprimiránse na Escola de Arte que actúa como sede da convocatoria.

As escolas cuxos traballos sexan seleccionados enviarán á Escola de Arte que actúa como sede da convocatoria, a información correspondente aos proxectos presentados:

EASD ANTONIO FAILDE  
Avenida da Universidade, 18.  
32005 Ourense

ao enderezo de correo:

escola.arte.antonio.failde@edu.xunta.es

##### Premios

O premio correspondente a cada unha das categorías consistirá nun diploma acreditativo da obtención do Premio, que os/as gañadores/as poderán incluír no seu currículo como Premio de carácter nacional e un premio en metálico de 1.000 euros.

##### Entrega de premios

A cerimonia de entrega de premios terá lugar na Escola de Arte e Superior de Deseño Antonio Failde, en Ourense, o 04 de maio de 2018.

A CEA asumirá os custes de desprazamento dos/as premiados/as.



CONFEDERACIÓN DE ESCUELAS DE ARTES PLÁSTICAS Y DISEÑO